



MARCAPÁXINAS SOLIDARIOS

15ª Edición - 2023

FICHA DIDÁCTICA



Save the
Children



Nome

Nargis

Idade

10 anos

País

Afganistán

Soño

Soño con ser médica.

COÑECE UN POUCO MÁIS SOBRE COMO É A VIDA DE NARGIS

«O meu soño é ser médica cando creza». Nargis, como moitas outras nenas en todo o mundo, soña con vestir unha bata branca e axudar a quen o necesite, curar as persoas doentes para que volvan a estar ben e felices. Soños que puideron seguir o seu curso, mais cando a guerra estourou ás portas da súa casa todo se viu abaixo.

Nargis ten 10 anos e ata hai tres vivía coa súa familia en Afganistán. É verdade que non eran unha familia rica, mais estaban unidos, o pai de Nargis tiña traballo e ela podía ir á escola... Porén, algo que é tan sinxelo noutras partes do mundo, para Nargis e outras nenas do país converteuse en algo case imposible.

Fuxiron da cada para comezar unha viaxe incerta que os levou a estar na casa duns veciños, a mudarse de provincia, ata que, por fin, chegaron a unha zona de Kabul onde puideron alugar unha casa. A situación desta familia non mellorou desde que os talibáns tomaron o control e a economía colapsou, porque agora, o pouco diñeiro que conseguen de empregos precarios e inseguros vai destinado a pagar a comida, que tamén subiu moito de prezo.

Ante esta situación tan complexa, a nai de Nargis comparte o soño da súa filla, a pesar de que ela antes defendera que o lugar da muller está na casa. Cre firmemente que a educación é fundamental para as mulleres loitaren polos seus dereitos, recibiren unha educación que lles permita encontrar un bo traballo e manteren a súa familia, polo que está agradecida de que a súa filla poida asistir ás clases comunitarias que puxo en marcha Save the Children, onde tamén reciben apoio para adaptarse á súa nova vida e recuperarse do trauma vivido.

«Cando vou á escola sintome ben e máis segura. Agora podo facer matemáticas básicas, ler e escribir. Así é como me axuda a escola. Se hai unha guerra no país, as nais e os pais deben levar ás súas fillas e fillos a un lugar seguro para que estes poidan ir á escola». O soño de Nargis está

máis preto cada día e seguir na escola permítelle continuar o seu proceso de aprendizaxe nun lugar seguro.

A situación de Afganistán é inestable desde hai varias décadas. As tensións internas e a influencia das potencias estranxeiras enfrontadas fixeron que a súa poboación sufrise as consecuencias de guerras, incursións e radicalismos. Save the Children leva desde 1976 apoiando as comunidades e protexendo os dereitos dos nenos e nenas en Afganistán, tamén durante períodos de conflito e cambio de réxime. A organización ten programas en 10 provincias e traballa con ONG colaboradoras noutras tres provincias. Desde o empeoramento da crise en agosto de 2021, Save the Children ampliou a súa resposta para axudar o crecente número de nenas e nenos necesitados, ofrecendo programas de saúde, seguridade alimentaria, nutrición, protección infantil e educación.

Coas seguintes actividades que vos propomos, queremos sensibilizar o voso alumnado ante a situación de desprotección que sofren milleiros de nenas e nenos, que viron as súas vidas cambiar dun día para outro e que non saben cando recuperarán a situación de seguridade que antes tiñan.

Podedes decorar o marcapáxinas coas ideas e reflexións expostas na clase por parte das vosas alumnas e alumnos, que poden personalizar os seus marcapáxinas con outras nenas e nenos que sofren as consecuencias dalgún conflito, como forma de contarlles ós seus familiares o que aprenderon e viron na clase.



OBXECTIVOS

- Fomentar a lectura a través da historia proposta.
- Coñecer e descubrir o medio que a rodea, establecendo comparacións con outros medios.
- Fomentar ferramentas de investigación.
- Fomentar a lecto-escritura por medio de propostas didácticas.
- Fomentar, poñer en valor e exercer a solidariedade diariamente.

As seguintes propostas están pensadas para seren realizadas segundo a etapa na que se encontre a alumna ou alumno, aínda que podedes adaptalas ao voso grupo como mellor consideredes.

INFANTIL

Nargis vive nun lugar moi diferente ao noso con respecto á fauna e vexetación. Seguramente, se ollades pola fiestra da vosa aula veredes unha paisaxe moi distinta no que respecta a cores, edificios... Imos coñecer un pouco máis como é o contexto onde viven as nenas e nenos deste país. Imos debuxar na metade da nosa folla o que vemos pola fiestra da nosa aula: hai árbores? Que forma teñen? Como son as follas? Vemos edificios? Son moi altos? Hai tendas? E os animais, vemos paxaros? De que tipo? Hai gatos e cans soltos? Ou van suxeitos cunha correa?

A paisaxe que se ve desde as escolas e cidades afgás como Kabul pode ser moi diferente. Podes proxectar algunha imaxe da cidade para ver a diferenza e apreciar que as cores ocres do material das edificacións é a predominante, que hai máis cans de rúa, que o clima árido provoca que haxa menos vexetación...

PRIMARIA



Nargis desexa seguir indo á escola, porque sabe que o único camiño que ten para cumprir os seus soños é seguir estudando e formándose. O colexio é o lugar onde podemos xogar coas nosas amigas e amigos, e onde o profesorado nos axuda a seguir aprendendo todo o que necesitamos. Imos comparar a nosa escola e a de Nargis, ver en que se diferencian e en que se asemellan.

O meu cole	O seu cole
------------	------------

Reflexionamos sobre como as diferenzas se poden asociar máis ao espazo. Por exemplo: hai máis alumnas por aula ou as mesas e cadeiras están máis deterioradas, ou non hai equipos electrónicos como computadores ou encerados dixitais; e como as semellanzas están relacionadas coa aprendizaxe de coñecementos importantes, coa axuda do profesorado cando non entenden algo, con ter amigas e amigos cos que xogar, etc.

SECUNDARIA

A historia en Afganistán seguiu unha traxectoria irregular: sufriu invasións e guerras que evitaron un crecemento continuado e a chegada ao poder do réxime talibán hai máis dun ano fixo que os dereitos conquistados polas mulleres sufrisen un retroceso. Investigade sobre as mulleres afgás que ocuparon postos de responsabilidade (xuízas, médicas, profesoras, políticas) e que agora perderon os seus traballos. As nenas e adolescentes que agora non poden ir ó colexio tampouco poderán converterse nas profesionais que soñaban ser, polo que reflexionamos sobre a importancia da educación e como o acceso á educación garante que as nenas poidan elixir libremente o seu futuro. Podedes compartir o aprendido co resto de compañeiras e compañeiros, creando para iso un mural ou unha presentación.



DI SI Á PAZ

Sabemos o importante que é educar para resolver conflitos pacificamente e estimular unha cultura baseada no diálogo e a empatía. Desde Save the Children cremos no alumnado como protagonista da acción, que se mobiliza para mudar o mundo e se forma en valores de solidariedade, respecto e nunha cultura de paz.

Mobilízate coas túas alumnas e alumnos coas actividades nas que te inscribiches. Precisamos unha marea de colexios que berren con forza un SI Á PAZ.



**SI TE MOVES,
O MUNDO MÓVESE**



Save the Children